

AGRADECIMENTO Á DIRECCIÓN E PERSOAL DO RESTAURANTE ORILLAMAR



Amigas, amigos! Como xa dixemos no Instituto, este era un reencontro moi necesario. Felizmente, reunímonos, fixemos unha visita á que foi a nosa escola, fixemos fotos e tivemos un coloquio moi participativo.

Agora estamos nun complemento moi importante. Evidentemente, a gastronomía tamén é cultura e é moi importante sentirse ben arredor dunha mesa.

Xa vos dixemos antes que este encontro tiña un motor fundamental en Santiago Rodríguez, que levaba un ano movendo vontades. O outro colaborador imprescindible é o noso anfitrión, Xosé Luís Alonso Ríos, o imaxinario irmanciño pequeno de Antón Alonso Ríos, o mestre, deputado e escritor autor do "Señor Afranio".

Démoslle moita importancia ao lugar do encontro, porque queríamos conseguir un lugar en que nos servisen produtos de aquí e que eses produtos se chamasen co nome de aquí. Aínda que iso sexa o lóxico, non é fácil atopar un restaurante que reúna esas dúas características.

Pensamos que a mellor das culturas é a que contribúe a desenvolvemento local e que o comercio que a sociedade debe primar é precisamente aquel que contribúe a dar vida no seu ámbito máis inmediato. Na celebración do 40º aniversario do Instituto de Ortigueira tivemos o pracer de comprobalo en primeira persoa de plural. Por todo iso, finalizamos o encontro cun grande aplauso para os homes e mulleres que nos atenderon.